

RESOLUCIÓN DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN CON REFERENCIA 2017/CP/135, PARA UN COLABORADOR NAS TAREFAS DO CONVENIO CAMPUS INDUSTRIAL (CATEGORÍA TÉCNICO ADMINISTRATIVO), CONVOCADO POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA E PUBLICADO NA SÚA SEDE ELECTRÓNICA E NA PÁXINA WEB DA UDC O 20 DE XULLO DE 2017 (corrección de erros 31 de xullo de 2017)

De acordo coa acta do órgano de selección da convocatoria de contratación con referencia 2017/CP/135, para un colaborador nas tarefas do convenio Campus Industrial, publícase esta resolución:

Con data 20 de xullo de 2017, publicouse no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC e na súa páxina web unha convocatoria das bases rectoras para a selección e contratación laboral dun técnico administrativo a tempo completo (Ref. 2017/CP/135), destinado a colaborar nas tarefas relativas á xestión do Campus Industrial o que inclúe o plan de marketing para a mellora do posicionamento do Campus Industrial, a relación co sector industrial e apoio á xestión das ACIs - Asociacións colaborativas de investigación.

1. O órgano de selección constituíuse na sala de reunións da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social o día 14/08/2017.

2. O Órgano de Selección estivo formado polos seguintes membros:

- D^a Araceli Torres Miño, vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social da Universidade da Coruña, como presidenta
- D. Ramón José Nogueira Gómez, vicexerente do Campus de Ferrol da Universidade da Coruña, como vogal
- D. Ginés Nicolás Costa, director do Campus Industrial de Ferrol, como secretario.

3. Tras o estudo e valoración das solicitudes presentadas o órgano de selección decide facer a proposta de adxudicación para a contratación laboral, por parte do Servizo de Investigación e da Xerencia da UDC, do solicitante que acadou a maior puntuación:

D./D^a TAMARA BARCIA PAREDES, dni 032697127M

O órgano de selección decide publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da Reitoría, como indica a convocatoria, e no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC, outorgando ata o 19 de agosto de 2017 para presentar reclamacións contra esta resolución ante a vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social da Universidade da Coruña, sen prexuízo doutros recursos administrativos que se poidan presentar.

Ferrol, 14 de agosto de 2017

O secretario do Órgano de Selección

V.º e pr.

A presidenta do Órgano de Selección

Asdo.: Ginés Nicolás Costa

Asdo.: Araceli Torres Miño